



CONCELLO DE REDONDELA

SESION ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,
CELEBRADA O DÍA 19 – MARZO - 2014

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación, no seu caso, da acta da última xuntanza.
- 2.- Dar conta proxecto PASEO FLUVIAL RIO MACEIRAS.
- 3.- Dar conta solicitude subvención a Medio Rural obra de canalización e mellora entorno Colexio Público de Cedeira.
- 4.- Informe sobre implantación de MERCADONA en area de influencia da parroquia.
- 5.- Dar conta de proxecto asfaltado camiño de Fortóns-Eira Pedriña.
- 6.- Dar conta da realizacións obras e actuacións en Cedeira.
- 7.- Dar conta solicitude veciños da parroquia, instalación semáforo e paso de peóns na EN-552.
- 8.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, do día dezanove de marzo de dous mil catorce, reúnen, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA. ANA MARIA ALONSO ALONSO, asistindo:

GRUPOS POLITICOS:

PP – MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ



CONCELLO DE REDONDELA

AA.VV.:

ISABEL ALONSO LEMOS

ASOCIACIÓNS CULTURAI:

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA

COMUNIDADE DE AUGAS:

ANTONIO COVELO VILLAVERDE

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS:

ROBERTO CABALEIRO RIVEIRO

COMUNIDADE DE MONTES:

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

ASOCIACIÓNS NAIS E PAIS:

BELEN LAMAS DOMINGUEZ

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en sesión ordinaria e en primeira convocatoria.



CONCELLO DE REDONDELA

INCIDENCIAS.- Non asistiron os representantes das AA.VV ANTONIO LORES FRANCO e CARLOS COVELO SOLLA. O representante no Consello das Asociacións Deportivas, Cabaleiro Riveiro, abandonou o mesmo, cando se debatía o punto nº 2 da Orde do Día, sendo as 21:46 horas. E o representante das Asociacións Culturais, Juan José Comesaña López, incorporouse á xuntanza ás 21:00 horas, cando se debatía o punto nº 4 da Orde do Día.-

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar os puntos da Orde do Día:

1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ÚLTIMA XUNTANZA.-

Pola Presidencia dase conta da acta da xuntanza anterior, correspondente á celebrada con carácter extraordinario o día **6 de novembro de 2013**. O Consello Parroquial de Cabeiro, por unanimidade dos seus membros, prestoulle a súa aprobación, sen formular reparo algún.-

De seguido pola Presidencia, ponse en coñecemento do Consello a presenza do concelleiro delegado de Urbanismo, Arturo González Barbeiro, coa finalidade de explicar o punto nº 4 da Orde do Día, punto polo que comenzaría a sesión, preguntando se algún membro do Consello ten algún inconvinte ao respecto.

Concedida a palabra pola Presidencia ao representante do Grupo Municipal do B.N.G., González Campo, por este maniféstase que quere que conste en acta a súa disconformidade, xa que cando intervén nun Consello un membro alleo ao mesmo, debe comunicarse coa convocatoria da sesión, manifestando a súa disconformidade polo non cumprimento do procedemento.

Pola Presidencia pregúntase se algún membro máis do Consello ten algún reparo na intervención do concelleiro de Urbanismo, non formulándose reparos por ningún.

Logo disto, procédese a concederlle o uso da palabra ao concelleiro de Urbanismo, Arturo González, coa finalidade de explicar o punto 4) da Orde do Día da presente sesión.

4.- INFORME SOBRE IMPLANTACIÓN DE MERCADONA EN ÁREA DE INFLUENCIA DA PARROQUIA.-

Polo concelleiro González Barbeiro, ponse en coñecemento do Consello o tema da instalación de MERCADONA na parroquia, facendo especial mención na rotonda



CONCELLO DE REDONDELA

central, tratando con ilo de que conflúan nela un acceso adecuado e eliminar un punto negro da parroquia.

Explica aos representantes da parroquia como quedaría a rotonda, a súa entrada e saídas.

O representante da Comunidade de Augas, Covelo Villaverde, manifesta que con este proxecto sete veciños quedarían en mala posición, perxudicados e con esta solución da rotonda que se plantexa, non se arranxa nada.

O representante das Asociacións Deportivas, Cabaleiro Riveiro, pregunta se se van a instalar “pasos de cebra” e como vai a ser o aparcamento.

O concelleiro, González Barbeiro, continúa explicando a incidencia da rotonda na estrada nacional.

O representante do grupo municipal do B.N.G., González Campo, pregunta quen vai a facer a rotonda, respostándolle Arturo González que a fará Mercadona, e Fomento vai a dar a autorización. Así mesmo respecto dos pasos de cebra na estrada nacional, xa se sabe que teñen que ir con semáforo. Continúa indicando que será unha actuación positiva, se mantén a parada do autobús e as prazas de aparcamento ao lado da casa do “Cairo”. Mellora o “Camiño de Outide” e a subida a Outide, dirección Redondela e Vigo se mantén igual. Mellora parcial coa entrada ao supermercado polo camiño de Outide, saída por subida a Cedeira.

O membro do Consello, Covelo Villaverde, segue a explicar porque a rotonda non mellora nada, temos un carril de 3 m. agora e logo vamos ter outro igual de 3 a 3,5 metros.

A representante do Grupo municipal do PP, Amoedo Dasilva, manifesta que si, pero mellorando a entrada.

Asinte o representante, Covelo Villaverde, pero dí que seguen saíndo perxudicados, xa que teñen que ir á rotonda a dar a volta.

O concelleiro de Urbanismo, Arturo González, maniféstalle que é inviable técnicamente a rotonda que de alcance a vosa entrada, de todos os xeitos, unha vez que o Arquitecto Municipal se incorpore ao seu posto de traballo examínase o tema detidamente.

O membro do Consello, Cabaleiro Riveiro, pregunta cal é o ancho da saída actual, respostándolle Arturo González, que de 3 pasa a 6 metros.

O representante da Comunidade de Augas, Covelo Villaverde, pregunta como vai a ser a entrada e como vai quedar a saída.

O concelleiro, González Barbeiro, manifesta que os representantes da traída de augas, preguntaron polos incidencias desta obra con respecto á traída. Manifesta, que se



CONCELLO DE REDONDELA

reporá todo o que se afecte, que as arquetas non poden quedar no medio da estrada, se hai que retranquear se fará. Indica así mesmo que aumentará o caudal de auga, e que toda a canalización se vai a modificar dende o entronque. Así mesmo indica que se vai a mellorar a instalación eléctrica, ao precisar a empresa máis potencia, modifican toda a instalación, todo isto con custe cero para Fomento e para o Concello, remata este apartado sinalando que a obra conta coa licenza municipal e permisos necesarios, só queda que presenten un reformado do proxecto, porque van variar a distribución interna do centro. Respecto dos prazos, as previsións son: despois do verán empezan as obras e remate na primavera de 2015.

O representante das asociacións culturais Vicente Lamas, pregunta ao cruzar por Cedeira, os que veñen da estación como van a facer?. Respostálle o concelleiro de urbanismo que como agora.

O concelleiro de Urbanismo, Arturo González, manifesta que as actuacións na estrada nacional están restrinxidas, por ser de tráfico denso, e con respecto da solución dun paso elevado, non sabe se a súa construción por Fomento, conseguiría o fin desexado, xa que todos sabemos que non se utilizan polos veciños.

O representante no Consello, Covelo Villaverde, manifesta que dende o Concello se faga forza para que se instale o semáforo.

A Presidenta do Concello, Ana Maria Alonso Alonso, manifesta que dende o Consello Parroquial se pode solicitar do Concello, instar a Fomento para colocación dun semáforo ou paso elevado, coa finalidade de solucionar o problema, proposta que é admitida por unanimidade.-

2.- DAR CONTA PROXECTO PASEO FLUVIAL RIO MACEIRAS.-

Pola Presidencia dase conta do proxecto de referencia, indicando que xa están rematados os traballos de limpeza da marxe do río, e quere deixar claro que este proxecto non é unha alternativa á EN-555, que se trata de recuperar unha zona degradada pola actuación do AVE.

Pola concelleira Ana María Alonso síguese a explicar que o proxecto terá un ancho de 5 m a ambas marxes do río, durante un percorrido de 1 km. 800 m., e realizarase mediante subvención, xa que se trata dun presuposto moi elevado, e sinala amáis que non só se trata de recuperar unha zoa degradada, senón tamén de recuperar zonas que se comeron e están enriba do río.

Polo Consello se pregunta como se vai facer en aquelas zonas onde hai naves, muros, pechados, etc., respostándolle a Presidencia, que se solventará o problema mediante a construción de pontes de madeira, coa finalidade de pasar a outra marxe. Remata sinalando que os materiais a empregar será xabre compactado para o paseo e madeira para as pontes, coa finalidade de respetar o medio ambiente.



CONCELLO DE REDONDELA

A representante do grupo municipal do PP, Maria del Carmen Amoedo, manifesta que o gran atranco deste proxecto é coñecer a titularidade das propiedades dos terreos colindantes co río, que unha grande maioría son descoñecidos.

O representante do Consello, Covelo Villaverde, pregunta que se ese paseo beneficia aos veciños que circulan pola estrada nacional, sinalando a representante do Consello, Isabel Alonso Lemos, que o paseo fluvial do río Maceiras beneficia a todos os veciños da parroquia.

Polo representante do Grupo municipal do B.N.G., o concelleiro Xoan Carlos González, manifesta o acordo do seu Grupo con este proxecto, pero sinala que segundo se recolleu nalgúns medios, o mesmo podería ser unha alternativa á estrada nacional 555, feito que non se desmentiu por parte do goberno municipal. Remata preguntando se se falou cos veciños, que prazos se dan e que fases se van facer, e ademáis solicita que a EN-555 deixe de ser de competencia estatal, e pase a máns doutra administración.

Respóstalle a Presidencia, que está de acordo en que se siga insistindo e reivindicando a solución da estrada nacional 555, pero sinala que Fomento non vai a ceder a estrada, xa que se trata de vía de acceso ao Aeroporto, e en tanto en canto non haxa outras alternativas non o fará.

Polo representante do Grupo Municipal de A.E.R., o concelleiro Alfonso Blanco, pregúntase cantas entradas vai a haber para acceder ao paseo, aparte das dúas xa sinaladas.

Respóstalle a representante do Grupo Municipal do PP, Maria del Carmen Amoedo, que haberá entrada tamén por TAO e a zona da "Ferralla".

Continúa sinalando a representante do PP, Amoedo Dasilva, que unha vez iniciados os trámites a xente mentalízase e ceden o terreo para o paseo, que existe xa un proxecto, presentouse a Augas de Galicia, estase tratando de localizar aos veciños propietarios lindantes co río, xa que é preciso que obre en poder do Concello a cesión dos terreos, previa á solicitude de subvención.

O representante do Grupo municipal do B.N.G., González Campo, manifesta que a estas ulturas estamos nunha etapa do proxecto na que se descoñecen prazos e fases.

A representante do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Alonso Lago, pregunta se o orzamento da obra é de 300.000 euros, e se aporta algo o Concello. Respostándolle a Presidencia que non, costearase o proxecto a través de subvención.

3.- DAR CONTA SOLICITUDE SUBVENCIÓN A MEDIO RURAL OBRA DE CANALIZACIÓN E MELLORA ENTORNO COLEXIO PÚBLICO DE CEDEIRA.-



CONCELLO DE REDONDELA

Pola Presidencia dase conta de que a realización de dita obra, que ía a incluírse nos orzamentos participativos, e que ao final non se incluíu, vaíse a realizar a través dunha subvención de Medio Rural que xa está concedida.

Trátase dunha obra demanda pola parroquia, que ao final vai a realizarse. Sinala ademáis que o presuposto é de 45.000,00 euros, e trátase de solucionar con ela o problema que se viña plantexando. Remata sinalando que o proxecto se atopa no departamento de contratación do Concello, solicitándose presuposto a empresas e poder realizarse a adxudicación.

O Consello pregunta a onde irán as augas que se canalizan, respostando a Presidencia e algún membro do Consello que van fronte ao lavadeiro.

5.- DAR CONTA DE PROXECTO ASFALTADO CAMIÑO DE FORTÓNS-EIRA PEDRIÑA.-

A Presidenta do Consello, Ana María Alonso Alonso, da conta do proxecto de asfaltado do camiño de Fortóns-Eira Pedriña, que vai dende a entrada do camiño ata o límite de Eira Pedriña con San Esteban de Negros, nunha superficie de 1.449 metros.

O proxecto está pendente de adxudicar a través da Deputación Provincial e o seu custe é de 91.883,79 euros, incluído o IVE.-

O proxecto vai constar de limpeza das beirarrúas, canalización augas pluvias nas zonas onde é preciso e o asfaltado de toda a zona.

6.- DAR CONTA DA REALIZACIÓNS OBRAS E ACTUACIÓNS EN CEDEIRA.-

Pola Presidencia dase conta ao Consello Parroquial, que queda enterado, dunha serie de obras e actuacións que se realizaron na parroquia de Cedeira, citando entre outras a de:

Reparación do "Camiño de Covelo".

E limpeza da antiga escola, e limpeza de toda a parroquia, chegando incluso a zonas que nunca se limparan.



CONCELLO DE REDONDELA

7.- DAR CONTA SOLICITUDE VECIÑOS DA PARROQUIA, INSTALACIÓN SEMÁFORO E PASO DE PEÓNS NA EN-552.-

A Presidencia do Consello, pon de manifesto a solicitude presentada polos veciños da parroquia para solicitar de fomento, unha demanda antiga, de instalación de semáforo e paseo de peóns na estrada nacional, xa presentada no Concello, pero que no último Consello, o representante do grupo municipal do B.N.G., González Campo, manifestara que descoñecían dito documento, que non se había seguido a súa tramitación regulamentaria, de ahí que agora se trae ao Consello, para que coñeza o asunto e se proceda a súa tramitación.-

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O representante do Consello, Vicente Lamas, quere facer dous rogos:

- 1.- Que falta o anclaxe do contenedor do lixo no "Camiño de Covelo".
- 2.- Que o panel sito na "Saída Buscal", púxose na entrada.

A representante do Consello, Alonso Lemos, manifesta que non sabe quen indicou o lugar para a colocación dos paneis, pois cree que o representante da AA.VV., Covelo Solla, os que sinalou, respostándolle a Presidencia que quedaron dous representantes do Consello en indicarlle aos operarios municipais o lugar onde se acordara a súa ubicación.

Continúa sinalando a representante do Consello, que é preciso colocar base ou anclaxe no contenedor da EN-555, Km.1.

O representante do Consello, Vicente Lamas, sinala que as arquetas colocadas teñen pouca capacidade, que logo desbordan cando chove con forza, sinalando a Presidencia que tería que miralas o aparelador municipal.

O representante do Consello, Covelo Villaverde, sinala que na relación de obras indicada pola Presidenta, figura o asfaltado "Camiño Albarronda", e cree que non está.

O representante do Consello, Comesaña López, sinala que na praia de Rande, as embarcacións baradas, cos últimos temporais afundíronse na area, quedan os clavos ao aire e os rizóns molestan aos bañistas. O Concello tiña que oblijarlles a retiralas, indicando a Presidencia que si eles coñecen aos propietarios, pasen un listado ao Concello, para poder requerirles.



CONCELLO DE REDONDELA

A representante do Grupo municipal do PP, Maria del Carmen Amoedo, sinala que hai dos problemas que precisan solución nesa praia, un o de canalizar as augas que veñen dende a parte alta de Rande e outro solucionar que as embarcacións que están alí as saquen, polo menos na tempada estival.

Remata o representante do Consello, Juan José Comesaña, que as embarcacións non poden estar alí, sinalando a Presidenta que eles que os coñecen, que pasen unha relación dos propietarios das mesmas.

O representante da Comunidade de augas no Consello, Antonio Covelo, manifesta o problema que existe co saneamento de tres casas en "Condesa Torrecedeira", para conectarse ao saneamento, e ao non estar conectadas causan problemas á rede de abastecemento de auga, xa que os manantiais de auga están máis baixos, e cando os resultados das análises que se fan con regularidade é negativo, se pechan os manantiais, rematando sinalando que a solución do problema pasa por facerlle o ramal para a conexión.

A Presidenta do Consello, sinala que os remanentes dos orzamentos municipais vanse a adicar sobre todo aos saneamentos, xa que se trata dun problema moi importante do Concello, e os primeiros que se van a realizar son os do que existe proxecto no Concello.

Pregunta o representante, Comesaña López, que proxectos están para a parroquia, sinalando Ana Alonso que Cadaval e Cedeira.

O representante do Consello, Comesaña López, pregunta que se está vertendo á ría, cando existen dende hai anos os bombeos feitos pero non se atopan en funcionamento.

A representante do Grupo municipal do PP, Maria del Carmen Amoedo, sinala que o problema é que se fixo a obra dos colectores polo anterior goberno, e non se pediu a autorización correspondente de Fomento, e agora non deixan conectar e por en funcionamento estes, e que o goberno municipal está tratando de desatascar este tema e poñelo en funcionamento.

O representante do Grupo municipal do BNG, Xoan Carlos González, manifesta que a obra está feita, pero Fomento que é un Ministerio opaco, non deixa conectar aos veciños.

A representante do grupo municipal do PP, Amoedo Dasilva, manifesta que no vindeiro Consello Parroquial, pódese traer o expediente e mirar como está.

O representante do Grupo municipal do BNG, González Campo, formula como rogo que se regule o tráfico, na subida ao Colexio Vigo, pero enriba.

O representante do Grupo municipal de AER no Consello, Blanco Pérez, roga dúas cousas:



CONCELLO DE REDONDELA

a).- Que as actas do Consello se colguen na páxina web do Concello e máis no Centro Cultural.

b).- Que en determinados Consellos, con asuntos moi específicos, poidan asistir público, nalgún caso.

Respóstalle a Presidencia que se estudiarán os temas, pero cree que non hai problema.

Remata preguntando Alfonso Blanco, se os orzamentos participativos van a sufrir cambios nas súas bases.

Resposta a Presidencia que non se van a producir ningún cambio significado nin importante, únicamente matizar que o 1% que se dota para participativos, se aplica sobre o presuposto do Concello, sen ter en conta as aportacións doutros organismos ao Plan Marisma, por tratarse de recursos que non son propios do Concello, senón subvencións.

Por último o representante do Grupo municipal de AER, Alfonso Blanco, roga que o tema de Mercadona, antes de ser definitivo se pase a información do Consello e acordouse por unanimidade que as actas dos consellos se publiquen na páxina web do Concello e máis no centro parroquial.

Con respecto á asistencia de público, en determinados casos, ás sesións do Consello parroquial, consultarase o tema coa asesoría xurídica do Concello, por si houbera que modificar o Regulamento, e ademáis unificar criterios para todos os Consellos parroquiais. Remata sinalando que se estudiará o tema.

O representante do Consello Plácido Couñago, solicita da Presidencia que era necesario asfaltar o camiño que vai por detrás da Igrexa, xa que é moi transitado.

A Presidencia solicita do Consello que vañan pensando nas propostas dos orzamentos participativos de 2014, para que non teñan que ir tan de presa como o pasado ano, e que no próximo Consello, xa se podan recoller.

A Presidenta, Ana Alonso, pon en coñecemento do Consello, que según lle informaron, mover o parque do aparcamento costaría aproximadamente uns 6.000 euros

O representante do Consello Grañas Vilares pregunta se se reparou a senda do routeiro da auga, respostándolle a Presidencia que algún tramo que sí.

A representante do Grupo municipal do PP, Maria del Carmen Amoedo, expón a ruta guiada (sábado pola tarde) ao “Monte Penide”, para que se poña en coñecemento dos veciños, e que a saída será ás 16:30 HORAS.



CONCELLO DE REDONDELA

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vintedúas horas e corenta e seis minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA MARIA ALONSO ALONSO

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ